

O 13º GRAN PREMIO INTERNACIONAL TERESA HERRERA DE JUDO - 1ª COPA DE ESPAÑA JÚNIOR DE JUDO CELEBRADA EN A CORUÑA RESUTOU UN GRAN ÉXITO DEPORTIVO, DE PARTICIPACIÓN E DE ORGANIZACIÓN.

De éxito total pode cualificarse o -13º Gran Premio Internacional TERESA HERRERA de Judo - 1ª Copa de España Júnior de Judo que se celebrou na Coruña coa participación de Alemaña Portugal e 12 comunidades autónomas baixo a organización da Federación galega de Judo, o patrocinio de: O Concello da Coruña , A Deputación da Coruña e a Secretaría Xeral para Ou Deporte, e a colaboración de Begano Coca Cola e o Colexio Galego de Fisioterapeutas.

O evento desenvolver en formato da Unión Europea con xornada ininterrompida desde 11h30 da mañá até as 18h00 que se disputaron as finais.

Os judokas galegos tiveron unha boa actuación: en categoría feminina logrónse 3 medallas , unha prata a cargo de Sara González Grandal e 2 bronces, un para Paula Yañez Martínez e outro para Paula Barja Chapel.

En categoría masculina os galegos obtiveron outras dúas medallas, unha de prata a cargo de Ignacio Andrade Rguez. e un bronce para Iago Iglesias Pose.

A clasificación final individual quedou como segue: (adxuntase en documento aparte)

A entrega de trofeos e medallas foi realizada por D. Xan Martínez Cajigal, Concelleiro de Deportes da Coruña, Os Mestres Internacionais Katsuike Kashiwazaki (campión Mundial) e o mestre Shu Taira (asesor técnico da F.G. de Judo) e D. Mario Muzas Cobo, presidente da Federación Galega de Judo.

A Federación Galega dispuxo de todo o seu equipo organizativo e de voluntarios para a realización deste evento.

Este evento terá a súa continuidade desde o domingo até o martes co Campo de Adestramento de alto nivel programado pola Federación Galega e con gran presenza do mestre Kashiwazaki, un judoka de lenda que impartirá docencia a máis de 400 judokas e profesores vindos de distintos puntos de Europa e da xeografía nacional. O mestre Kashiwazaki campión do Mundo en Maastricht no ano 1981 , foi un dos mellores judokas traballando judo chan de todos os tempos.